

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2017 pola que se amplían os prazos máximos para resolver e publicar a resolución do procedemento e para executar e solicitar o cobramento dos plans de internacionalización que rematan no ano 2017, establecidos na Resolución do 2 de marzo de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

No DOG núm. 48, do 9 de marzo de 2017, publicouse a Resolución do 2 de marzo de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

No punto quinto do Resolvo establécense os prazos de duración do procedemento, de execución do plan de internacionalización e para solicitar o cobramento.

Así, establécese que o prazo máximo para resolver e publicar a resolución será o 21 de xullo de 2017.

E para aqueles plans de internacionalización cuxo prazo máximo de execución sexa o 31 de agosto de 2017, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 8 de setembro de 2017.

Tendo en conta o elevado número de solicitudes recibidas, faise necesario ampliar o prazo máximo de resolución e, por conseguinte, o prazo máximo para executar e solicitar o cobramento dos plans de internacionalización cuxo prazo máximo de execución remata en 2017.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Artigo 1

Ampliar ata o 20 de outubro de 2017, inclusive, o prazo máximo para resolver e publicar a resolución, ampliar o prazo máximo de execución dos plans de internacionalización ata



o 10 de novembro de 2017 e o prazo para presentar a solicitude de cobramento ata o 24 de novembro de 2017, previstos no punto quinto do Resolvo da Resolución do 2 de marzo de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

## Artigo 2

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

